



Expediente número: PLN/2020/8

ACTA

**Sesión Ordinaria 8/2020 celebrada polo
Pleno do Concello o día 25 de xuño de 2020.**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión Ordinaria 6/2020 do 28/05/2020**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión Extraordinaria 7/2020 do 15/06/2020**
- 3. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos IV/2020**
- 4. Gratificacións III/200**
- 5. Nomeamento da concelleira María Castro Abad como representante do Concello de Redondela na Comisión Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.**
- 6. Desistimento do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.**

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





PARTE DE CONTROL

7. **Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 13/2020.GC 03/20, MC 14/2020.TC 07/20, MC 15/2020.GC 04/20, MC 16/2020.TC 08/20 E MC 17/2020.GC 05/20**
8. **Dar de conta das resolucións ditadas pola Alcaldía en relación coa situación de emerxencia sanitaria derivada do CoViD-19**
9. **Actividades de control do pleno.**
 - 9 . 1 **Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**
 - 9 . 2 **Mocións.**
 - 9 . 3 **Rogos e preguntas.**

De conformidade co Decreto de Alcaldía número 2020/1410 de data 19 de xuño de 2020, onde se convoca sesión ordinaria para o día 25 de xuño de 2020, reúnense mediante participación a distancia a través da sede electrónica da entidade, e sendo ás vinte horas do 25 de xuño de 2020, baixo a presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos seguintes concelleiros:

GRUPO MUNICIPAL POPULAR REDONDELA (PP)

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

Concello de Redondela





DAVID MUIÑOS PORTELA

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REDONDELA (PSdeG-PSOE)

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO REDONDELA (BNG)

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral, M^a Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





INCIDENCIAS:

1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio, en lembranza especialmente por todos os falecidos e falecidas pola pandemia e polas vítimas da violencia de xénero.

2) Faise un receso ás 22:20 horas. Retomase o Pleno ás 22:37 horas.

Faise un receso ás 23:12 horas. Retomase o Pleno ás 23:22 horas.

Solicita a Alcaldesa evitar expresións de aplausos, non se pode; pide aos veciños/as que cumpran as normas do Pleno e dálle as grazas.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión Ordinaria 6/2020 do 28/05/2020

Dáse conta do borrador da acta da sesión Ordinaria número 6/2020 do 28/05/2020.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión Extraordinaria 7/2020 do 15/06/2020

Dáse conta do borrador da acta da sesión Extraordinaria número 7/2020 do 15/06/2020.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

3. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos IV/2020

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 19/06/2020, que dí:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 17 de xuño de 2020, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 4.714,73 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2020:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Número Factura	TERCEIRO	Importe	Funcional	Económica
1042/19	REPRESENTACIONES FALQUE	544,50 €	2311D	2269924
21	TROULA ANIMACION S.L.	2.299,00 €	3331A	2260900
1200170422	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	67,52 €	3341A	2090000
1200170427	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	82,04 €	3341A	2090000
1200170060	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	100,26 €	3341A	2090000
1200170424	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	84,22 €	3341A	2090000
1200170439	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	9,86 €	3341A	2090000
1200177808	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	154,28 €	3341A	2090000
1200177809	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	123,42 €	3341A	2090000
1200177798	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	829,23 €	3341A	2090000
1200177805	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	420,40 €	3341A	2090000

”

INTERVENCIONES:

A Sra. Castro, explica que se trata do cuarto recoñecemento e ten o que aprobar o pleno non caso de gastos de anos anteriores, que non se contabilizaron. Lee a proposta.

Fai referencia a factura dun evento en outubro pero que a empresa presentou a factura en abril de 2020, tamén o evento de zancudos polo aniversario de Rande que foi presentada en maio de 2020 e unha relación de facturas da SGAE presentadas en 2020.

O Sr. Boullosa, di que para facer a xestión completa dun evento hai que falar coa SGAE. Seguimos falando do Chapela Fest, en todos os plenos seguen saíndo facturas porque o goberno de aquel momento non se puxo en contacto coa SGAE, e é de 29.04.2019. O resto de facturas da SGAE son de artistas locais e de normalización lingüística, relaciona unha serie de artistas locais e o resto Chapela Fest.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A Sra. Amoedo, responde que é alucinante a xustificación do Concelleiro de AER do recoñecemento extraxudicial, que levan gobernando un ano, e teñen facturas da conmemoración da batalla de Rande que tiña que ter o crédito previsto e de Troula, e 150 botes de spray para un acto da Concellería de Xuventude. Vostedes son incapaces, despois de celebrar o aniversario dun ano de goberno de esquerdas e son incapaces de presentar un borrador dos orzamentos e ven a xustificarse dunha mala xestión; como di o interventor, primeiro hai que levantar o reparo. No 2011 asumimos as xestións feitas por outro goberno e que quedaron pendentes de pago. O que teñen que facer é gobernar, van vostedes a rebufo. No mes de xuño, aprobación de actas e puntos que pouco teñen que ver co avance de Redondela. Son incapaces de levar a cabo os acordos que asinaron co PSOE. O maior problema que ten esta Concellería de Cultura, con esta pandemia é que o anterior goberno non se comunicou coa SGAE. Non van votar en contra porque as facturas se teñen que pagar.

A Sra. Castro, di que traen os expedientes cando están preparados e ademais moitos procedementos son de Alcaldía, por eso non se traen.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG)

4. Gratificacións III/200

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 19/06/2020, que di:

“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que estarán pendentes de aboar tras a nómina de xuño.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar aos empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgada polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Tendo en conta que a cantidade restante para acadar o límite do artigo 7.2.c) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril é de 50.460,92 € pode darse cobertura á solicitude de gratificacións realizada polos departamentos de Vías e Obras, Medio Ambiente e Secretaría por importe de 2.109,73 €.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-17.06.20.4 de 17 de xuño que consta de cinco páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 51.246,71 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

INTERVENCIONES:

Lee a Sra. Castro, a proposta. As horas extras que se realizaron se aportan coa proposta, 2.109 euros, todas elas xustificadas.

Explica a Sra. Alcadesa que se están escoitando ben as intervencións no Facebook porque lle estaban preguntando ao respecto.

A Sra. Amoedo, di que teñen que revisar a planificación, porque si dende o departamento houberse unha planificación máis traballada, como as horas de pintado que poderíanse facer pola mañá.

Ven a incoherencia de AER, porque facer que unha soa persoa faga 10 horas dobres no mesmo día e encomendar tamén a un auxiliar administrativo para facer retransmisións do pleno, función que non está na RPT, vemos a sobrecarga de algún persoal, vostedes que defendían un reparto proporcional. E outra persoa 20 horas extras a maiores da súa xornada laboral. Son

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





incapaces de planificar para que os traballadores teñan un descanso adecuado. Deben revisar a súa mensaxe incoherente. Son incapaces de levar a cabo esas reformas tan prometidas, e xa levan un ano de idílico romance co PSOE no goberno.

A Sra. Castro, contesta que vostede sabe coma min cal é o cadro de persoal do Concello. Era un día festivo, nun acto o día 8 de marzo a funcionaria traballou de dez da mañá as dúas da tarde, foi a comer e volveu pola tarde. Cando vostedes gobernaban había unha persoa que facía sempre ese horario.

Sabe como se modifica unha RPT e que non é cousa dun día para outro. A vida cambia, as costumes os traballos e a RPT non se corresponde coa realidade do mundo que vivimos, haberá que modificalo, pero é un proceso longo e complicado. O problema sería que un persoal político levara o Facebook. Vostedes pediron que se retransmitira e este goberno pode decidir quen é a persoa que o leva.

A Sra. Couñago, expón que se nota que estamos en campaña electoral e o PP de Redondela está enfadado. Non é unha oposición construtiva, non fai máis que dicir que é incoherente, e falar de incompetencia. Fixemos o que prometemos, que o Facebook non o ía levar un persoal de confianza. Moitas horas extras son derivadas do CoViD, moito dixo que non se facía nada polo CoViD, e agora que veñen as horas extras protestamos. Son horas totalmente xustificadas, e as horas extra son voluntarias, non estamos ameazando o persoal, si o traballador as quere facer, as fai e se lle pagan. Non facer como o PP dar un bono para activar o sector hoteleiro para o persoal sanitario.

O persoal sempre se puxo a disposición do Concello para todo o que se necesitou e que menos que agora cobren as horas.

A Sra. Amoedo, resposta que é curioso escoitar xustificación tras xustificación. Tardaron seis meses en crear unha páxina de Facebook. Se tan claro tiñan que era un funcionario o que levaba o Facebook, por que non contestou o escrito que presentamos preguntando quen era o que o levaba. Non me queixo do persoal do Concello, senón da súa incoherencia. O mellor están pagando de menos a esta persoa, por levar o Facebook, porque é un auxiliar administrativo e está facendo funcións de categoría superior.

Non fai ben o seu traballo e cando actualiza a páxina de transparencia é porque llo di o PP; igual que esta retransmisión.

A Sra. Castro, di que non se retransmite en streaming porque tiña que ser unha opción ou outra e se lle dixo e se elixiu o Facebook. Da as gracias ao persoal polo excelente traballo que fixeron durante a situación xerada polo CoViD.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Di a Alcaldesa, que estaba claro como ía ser, e o esforzo que se está facendo o que non se fixo en todos estes anos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG)

5. Nomeamento da concelleira María Castro Abad como representante do Concello de Redondela na Comisión Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Interior, Transición Enerxética e Patrimonio de data 19/06/2020, que di:

“ANTECEDENTES

Na sesión plenaria extraordinaria núm. 10 celebrada o 12/07/2019 adoitouse o seguinte acordo:

“Visto o disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) por canto é necesario o nomeamento dos representantes da corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do pleno, teño a ben propor:

Establecer que os representantes que lle corresponden ao Concello de Redondela na Mancomunidade Intermunicipal de Vigo (4 en total aparte da Alcaldesa que é membro nato) sexan os que designe cadanseu dos grupos políticos da corporación. A tales efectos, os voceiros dos grupos políticos municipais comunicarán á secretaría xeral os seus respectivos representantes á maior brevidade posible.”

Comunicouse á Secretaría Xeral mediante escrito dos distintos grupos municipais que dita representación a ostentarían as/os seguintes Concelleiras/os:

Don Xoan Carlos González Campo polo grupo municipal do BNG

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Don Daniel Boulosa Martínez por AER

Dona María Castro Abad polo grupo municipal socialista

Dona María Carmen Bastos Rodríguez polo grupo municipal popular

En data 06.02.2020 e con número de rexistro de entrada 332, recibíuse comunicación da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo no que se traslada o acordo adoitado en sesión ordinaria e constitutiva de 13 de xaneiro relativo á constitución da Comisión Especial de Contas e sendo necesario o nomeamento entre os vogais dos Concellos no Pleno, dun/ha representante en dita comisión.

Mediante resolución da Alcaldía n.º 1939 de 09.07.2020 foi outorgada delegación da Alcaldía en dona María Castro Abad, nas áreas de Economía e Facenda, Urbanismo e Vivenda, Persoal (excepto xefatura superior) e Emprego.

Considerando o anterior, por esta Alcaldía se propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO,

1. Nomear a María Castro Abad como representante do Concello de Redondela na Comisión Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
2. Notificar o presente acordo aos interesados.”

INTERVENCIONS:

O Sr. Cabaleiro, expón que se levou o asunto a Comisión de Interior e lee a proposta. Consideran que María Castro é a persoa máis indicada para este cargo.

O Sr. González, di que este punto que se trae hoxe é un acordo que se adoitou na única sesión que se celebrou este ano na mancomunidade. Se explicou na comisión que teñen moitas dúbidas porque a mancomunidade está controlada absolutamente polo Alcalde de Vigo, e vendo a bagaxe desta mancomunidade, que foi silencio absoluto polos representantes do PSOE de que haxa réplicas a este Alcalde, que ten actitudes autoritarias. Habería que expoñer o papel de Redondela nesta comisión.

O BNG impulsou no seu momento a creación desta mancomunidade, creen que é un bo instrumento mentres non comenza a funcionar a área

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





metropolitana pero non teñen claro que se vaian a defender os intereses de Redondela.

O Sr. Villar, di que non hai dúbidas da persoa proposta pero consideran que é un ente do que non ven que se fixera nada en 20 anos. Entes que se usan dende o punto de vista político e non repercuten na cidadanía. Que si existe Redondela, ten que ter representación pero non ven que repercutan na cidadanía os cartos que se inverten neste ente.

A Sra. Amoedo, expón que a mancomunidade é unha ferramenta máis para que Abel Caballero siga sendo o rei da área metropolitana, está como instrumento de Vigo, non é beneficioso para Redondela. Abel Caballero non é digno para representar a toda a área metropolitana. A persoa que presida esa mancomunidade ten que ser unha persoa aperturista e ten que comprender que para que Vigo medre teñen que medrar os municipios da área metropolitana. Nos anos pasados, Redondela plantoulle cara ás falcatruadas de Abel Caballero. Non ten a calidade necesaria para presidir un ente no que todos debemos saír beneficiados e sexa colaborativo. A proba a temos no transporte metropolitano. Non habería que poñer en marcha esta mancomunidade, é unha palmadiña deste goberno, para que se queden caladiños. Este último ano, ¿qué novidades presentou para a nosa área? Non vai a ser para nada máis, que para o uso segundo lle pareza ao sr. Caballero.

O Sr. Cabaleiro, resposta que todos coñecen o funcionamento da mancomunidade porque nela estamos representados todos os grupos políticos da corporación. Unha cousa é a mancomunidade e outra cousa é a área metropolitana. Recorda aos concelleiros do grupo popular a súa espantada da área metropolitana.

Se trata de prestar á cidadanía o mellor número de servizos. Nunca imos estar contentos. Vigo debe ter maior representatividade pola poboación. O Pleno está formado por 54 compoñentes, hai unha XGL, 3 vicepresidencias que son rotatorias, crease esta Comisión de Contas porque o establece a Lei de Bases de Réxime Local. As contas hai que aprobalas antes do mes de xuño e son públicas. María Castro é a concelleira da asuntos económicos do Concello e, é que o PSOE aposta por unha persoa activa, dinámica, capaz, para aportar a Redondela todo o que se precise. Non vai cobrar por este traballo, vaille dentro do seu cargo.

O Sr. González, di que a mancomunidade ten un superávit dun millón de euros e non se fixo ningunha proposta dende Redondela. Que él ten levado temas e fun eu solo. Por exemplo, cando foi o problema da Pass Vigo, e se lle dixu que estaba en contra por apoiar aos veciños, e o resto mutis polo foro. A mancomunidade é un sitio perfecto para expoñer os problemas que lle

Concello de Redondela





preocupen aos veciños. Este Concelleiro foi a todas as asembleas, e o único que dixo que presidira algunha muller algunha comisión, e gracias a eso preside unha comisión a Alcaldesa de Redondela.

Os do PP levan tres anos sen ir as asembleas da mancomunidade. O ex alcalde e a concelleira renunciaron a ir porque llo mandaron. Empraza a Alcaldesa a modificar o acordo e quitarlle a representatividade ao PP.

O Sr. Villar, di que hai deuses e demos, e de repente hai unha anomalía no sistema; como somos nós, que non temos unhas crenzas tan exacerbadas. AER non estaría aquí se estivera de acordo con este sistema político e o da mancomunidade tamén. O único que estamos intentando aprobar é a representación dunha persoa que realizará o seu traballo. O sistema é de seres superiores que sempre pensan que son mellores que os demais pero despois aparecen uns bichos raros que somos nós.

A Sra. Amoedo, expón que a única argumentación do Sr. Cabaleiro é que a Sra. Castro non vai cobrar, nun organismo que nin nesta pandemia puxo mecanismos para facer nada. É mellor que cobre e que se faga algo. Hai que ter uns obxectivos e vostede aquí non falou de ningún. Cando se lle demandou pola Vigo Pass e se lle gañou. Non asistimos porque ese señor solo sabe gobernar de maneira ditatorial.

O sr. Caballero, solo goberna para aquilo que é beneficioso para Vigo, sin entender que a mancomunidade é para traballar en conxunto. E AER son incoherentes.

A Sra. Alcaldesa, non entende que o sr. Caballero estea sempre presente neste pleno.

O Sr. Cabaleiro, di que está obsesionada a Sra. Amoedo co sr. Caballero. Estamos falando de todo menos do punto, que é o nomeamento dunha persoa para formar parte da comisión de contas. Vostedes gobernaron oito anos, ¿por qué non se saíron da mancomunidade?. Estamos convencidos que hai que facer un tránsito dende a mancomunidade á área metropolitana. Se queremos falar da espantada do partido popular na sesión constitutiva da área metropolitana que impide os beneficios da área metropolitana, miraron vostedes naquel momento con intereses partidistas. Reitera que a Concelleira é a persoa máis adecuada para plantexar proxectos beneficiosos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Sometido a votación o mencionado ditame, rexeitase, pola maioría dos concelleiros presentes sendo 10 votos a favor, (07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER) e 11 votos en contra (09 do PP e 02 do BNG).

6. Desistimento do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Medio Mariño e Sanidade de data 19/06/2020, que di:

“1.- Con data 06.09.2018, na sesión ordinaria núm. 10, acordouse polo Concello Pleno a adhesión formal e expresa a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias; asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas (DOG n.º 156 de 17 de agosto de 2018).

2.- Con data 01.08.2018, núm. 2025, ditouse Resolución da Alcaldía adxudicando a contratación do servizo de elaboración dun plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais no Concello de Redondela, que foi redactado pola enxeñeira técnica forestal Rita Pérez Vázquez e asinado con data 07.05.2019.

3.- Con data 18.12.2019, núm. RC-18140, recibíuse no Concello un borrador de Plan de Prevención elaborado pola Xunta de Galicia coa finalidade de desenvolver o o Convenio citado no apartado 1.- ao efecto de que o Concello procedera á súa revisión e conformidade.

4.- Ante a ausencia de técnicos competentes no organigrama municipal procedeu a contratar asistencia técnica que emitira informe sobre a idoneidade e aplicabilidade dos plans que foi elaborado pola enxeñeira de montes e enxeñeira técnica agrícola María del Carmen Martínez Santorio con data abril de 2020 formulando as seguintes conclusións:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





“Por diversas carencias existentes en ámbolos dous plans, ningún dos plans considérase completo e suficiente, non obstante o plan máis adecuado sería o redactado por “Xirela Servicios Técnicos e Obra do Rural, S.L” de data abril de 2019, ao contemplar no deseño das faixas secundarias os tres (a, b, c) apartados do artigo 21 da Lei, e facer unha prognose do comportamento risco dos posibles incendios.

O plan redactado pola “Consellería do Medio Rural”, considérase insuficiente e inadecuado, debido a que unicamente contempla no deseño das faixas secundarias o apartado “a” do artigo 21, sen descontar neste zonas o que debería contemplar a rede primaria de faixas de xestión e non deseñar faixas ao redor das edificacións destinadas a persoas situadas en solo rústico. Este non se pode definir como “plan” debido a que unicamente realiza o deseño de faixas secundarias ao redor do Solo Urbano, Urbanizable desenvolvido ou de Núcleo Rural, sen facer un estudo exhaustivo do territorio, ou do risco e dificultade de extinción de posibles incendios, que nos permita o deseño de infraestruturas e medios necesarios para minimizar o impacto.”

5.- Consultados o técnico de xestión e policía de medio ambiente encargados das actuacións municipais de control, orden de execución ás persoas responsables e posterior execución subsidiaria no seu caso en aquelas parcelas que necesitan xestionar a biomasa vexetal estes informan de que independentemente da existencia destes plans xa se está a actuar sobre unhas 400 parcelas anuais, acadando un grao de cumprimento polos propietarios de máis do 90%.

Dos antecedentes expostos dedúcese que a aplicación do convenio non supón ningunha mellora sobre as actuacións que se viñan desenvolvendo xa que non conleva que se aporte ao Concello nin medios económicos ou materiais, nin recursos humanos para cumprir os seus obxectivos sendo notables as cargas administrativas que tal convenio impón ao Concello polo que

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

Primeiro.- Formular renuncia expresa ao Convenio ao abeiro do disposto na base duodécima, apartado a), do Anexo da Orde do 9 de agosto de 2018 pola que se publica o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.”

INTERVENCIÓNS:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O Sr. Villar, se propón a renuncia por razóns técnicas. Se enviou a documentación con tempo suficiente. A proposta tense que aprobar por maioría absoluta segundo indicou a Secretaria.

Este ano a Xunta preparou o seu plan, nos encontramos con dous plans, ambos con carencias. Se encargou un estudio técnico e o informe di que non se cumpre cos tres apartados do artigo 21 da Lei de Prevención de Incendios. O plan redactado pola Consellería se considera inadecuado e insuficiente, porque non fai un estudo exhaustivo. Consultados o técnico de xestión e o policía de medio ambiente, se están actuando nunhas 400 parcelas e hai un 10% que se teñen que facer por execución subsidiaria. O Convenio non aporta medios económicos nin materiais sin contar coas cargas administrativas que supón para o Concello. Lee a proposta.

O Sr. González, di que se trata dun expediente denso e complicado de defender. Isto ven dun acordo plenario para subscribir un convenio no que o BNG viu precipitación, se adoptou en menos dun mes e despois do verano, e o BNG foi o único que votou en contra porque non está de acordo coa xestión da masa forestal da Xunta de Galicia. Pero se defendeu aquí o convenio e paralelamente se estaba a elaborar un plan municipal. A Xunta solo busca o seu beneficio.

Aquí o que se pretende é a xestión das franxas secundarias directamente polos veciños ou facendo as xestións necesarias para que se leve a cabo. Consideramos que non se estaba xogando limpo cos Concellos e agora se comproba. Esta política nos leva a que haxa unha vaga de lumes e Redondela un dos municipios máis prexudicados. Nós estamos aquí para tomar decisións e se consideramos que hai unha decisión que non beneficia aos veciños o BNG non o aproba.

O sr. Cabaleiro, expón que o sr. Villar explicou ben que hai un informe técnico e naquel momento confiamos nas persoas e agora ao revisar o expediente o Concelleiro e analízalo cun informe técnico ve que se fai necesario desistir do convenio. Galicia necesita un plan de incendios forte, porque somos das comunidades que máis masa forestal temos. Que cando se chegue a un incendio se faga con medios. Que a Xunta teña a ben poñer en marcha un plan para realmente combater os incendios forestais. Visto isto apoiarán a proposta da concellería de medio ambiente.

A Sra. Amoedo, di que o sr. Villar en vez de construír, destrúe; somos o único concello de Galicia que desistimos deste convenio. Non lle interesa traballar. Di ao sr. González que o convenio está tamén asinado pola FEGAMP, que a xunta directiva estaba e está formada na súa maioría por representantes de gobernos de esquerda. Di que estamos a perder cartos, cuantifique vostede. O informe

Concello de Redondela





xurídico non di en ningún sitio que sexa incompatible o convenio. Cando se trouxo o convenio o estudarían vostedes. Non ve onde está o problema. Solo ve que se gastaron 1.200 euros para comparar competencias distintas da Xunta e dos concellos. Non van a votar a favor para que o Concello de Redondela desista deste convenio. O resto de concellos ningún se botou fora, solo Redondela. O que hai que facer é traballar. Igual que cando renunciou á bandeira azul de Cesantes.

O Sr. Villar, di que era un convenio para facer un estudo dun plan de defensa contra incendios forestais. Hai un plan e que explique por qué se contratou por resolución de Alcaldía o Plan Municipal. Estamos analizando as situacións porque hai moitas incongruencias. Na parroquia de Cabeiro co seu plan contemplaba actuacións en 1.014 parcelas, no Plan do Concello 1.500; Cedeira sobre parcelas 2.574 parcelas, o Plan Municipal 3.565; Cesantes sobre parcelas 2.381 parcelas, o Plan Municipal 3.914; Chapela sobre parcelas 1.573 parcelas, o Plan Municipal 2.374; Negros sobre parcelas 1.193 parcelas, o Plan Municipal 1.855; O Viso sobre parcelas 2.037 parcelas, o Plan Municipal 3.471; Quintela sobre parcelas 634 parcelas, o Plan Municipal 1.723; Cedeira sobre parcelas 2.574 parcelas, o Plan Municipal 3.565; Reboreda sobre parcelas 2.128 parcelas, o Plan Municipal 3.308 e Redondela sobre parcelas 831 parcelas, o Plan Municipal 1.185

Está estudado por xente que coñece este Concello, non polo Seaga, Tragsa. Houbo unha reunión no que se dixeron cincuenta e tantas veces Seaga e solo 7 veces medio ambiente.

O Sr. González, di que sobre todo en AER había xente preparada que coñecía o asunto e informe do secretario. Nos últimos anos hai 400 parcelas sobre as que se está actuando e a concelleira do PP non foi capaz de defender a súa xestión porque solo veu a defender o convenio. E se congratulan de que se lles dea a razón.

O Sr. Cabaleiro, di que él itraia tamén os datos de todas as parroquias, pero non se vai repetir. É evidente que se o punto que trae é beneficioso para Redondela o apoiarán. Neste informe técnico se di que o plan hai que melloralo e se mellorará. Que a Xunta debe plantexarse o mellor para Galicia, con medios adecuados e para que se poidan acometer esas accións contra o lume.

A Sra. Amoedo, di que son un goberno que non falan, que di o sr. Villar que estamos perdendo cartos, e vostede ten cifras e non as da. Algo que non lle costa cartos ao Concello, se lle enviou un plan para analizar e en lugar diso o Sr. Villar, directamente di que nos saímos. Un plan que propón que se poidan executar 10 hectáreas en faixas secundarias, porque xa vemos que o contrato de desbroce non está nin se lle espera. Ningún concello desistiu del a

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





excepción de Redondela. Dixeron de traer algo en contra da Xunta de Galicia porque comeza a campaña. Así o sr. Villar ten algo de que falar, porque nun ano se convocou unha vez o consello forestal. Nin unha sola reunión coa comunidade de montes.

O Sr. Villar, di que debía falar a sra. Amoedo coa consellería porque o Concello de O Rosal, Tomiño e Ponteareas ían na mesma liña que esa concellería. Vostede non leu ese informe nin o que propón o plan de incendios. Non é un plan de prevención de incendios, senón para fixar unhas faixas. Recolle 648 hectáreas e, en 1926 hectáreas actuariamos co plan do Concello. Os técnicos do Concello din que habería que abrir no Concello dez mil expedientes para darlle a información ao Seaga. Remata agradecendo ao BNG porque dende o primeiro momento entendeu a situación, o seu traballo e este acordo que require de maioría absoluta. E vostedes deberían apoiar tamén.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 votos en contra do PP.

Se fai un receso, ás 22:20 horas. Se reanuda a sesión ás 22.37 horas

7. Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 13/2020.GC 03/20, MC 14/2020.TC 07/20, MC 15/2020.GC 04/20, MC 16/2020.TC 08/20 E MC 17/2020.GC 05/20

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 13/2020.GC03/20 mediante a xeración de crédito por importe de 249.340,90 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 28/05/2020

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 14/2020.TC07/20 mediante a transferencia de crédito por importe de 30.000,00 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 28/05/2020

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 15/2020.GC04/20 mediante a xeración de crédito por importe de 707.503,05 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 16/06/2020

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 16/2020.TC08/20 mediante a transferencia de crédito por importe de 187,05 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 17/06/2020

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 17/2020.GC05/20 mediante a xeración de crédito por importe de 207.779,57 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 17/06/2020

O Pleno do concello queda informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

8. Dar de conta das resolucións ditadas pola Alcaldía en relación coa situación de emerxencia sanitaria derivada do CoViD-19

Dáse conta das seguintes resolucións de Alcaldía:

- Resolución de Alcaldía 2020/0812
- Resolución de Alcaldía 2020/0818
- Resolución de Alcaldía 2020/0872
- Resolución de Alcaldía 2020/0934
- Resolución de Alcaldía 2020/0960
- Resolución de Alcaldía 2020/0983
- Resolución de Alcaldía 2020/1017
- Resolución de Alcaldía 2020/1027
- Resolución de Alcaldía 2020/1048
- Resolución de Alcaldía 2020/1094

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- Resolución de Alcaldía 2020/1322

O Pleno do Concello quedou informado das resolucións de Alcaldía anteriormente relacionado.

9. Actividades de Control do Pleno.

9 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

9 . 2 Mocións.

Propónse incluír por URXENCIA, as mocións MOCIÓN CONXUNTA (PP, PSOE, AER e BNG) ASUMINDO PROPOSTA COFRADÍA DE PESCADORES DE REDONDELA E PLATAFORMA EN DEFENSA DA ENSENADA DE SAN SIMÓN DE MOCIÓN RESTAURACIÓN PLENA DO ORDENAMENTO XURÍDICO NA ZONA DE ESPECIAL CONSERVACIÓN (ZEC) ENSENADA DE SAN SIMÓN (Rexistro de Entrada 2020-E-RPLN-9) e MOCIÓN PP APOIO AFECTADOS POLO PECHE EN ALCOA SAN CIBRAO (Rexistro de Entrada 2020-E-RE-1814).

Sometido a votación a inclusión na orde do día das dúas mocións anteriormente descritas, apróbase a urxencia, por maioría dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

9.2.1 Moción do conxunta (PP, PSOE, AER e BNG) asumida da Cofradía de Pescadores de Redondela e Plataforma en Defensa da Ensenada de San Simón relativa a Restauración Plena do Ordenamento Xurídico na Zona de Especial Conservación (ZEC) Ensenada de San Simón .

ANTECEDENTES:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Moción do conxunta (PP, PSOE, AER e BNG) asumida da Cofradía de Pescadores de Redondela e Plataforma en Defensa da Ensenada de San Simón relativa a Restauración Plena do Ordenamento Xurídico na Zona de Especial Conservación (ZEC) Ensenada de San Simón, con entrada no Concello o día 18.06.2020 con número 2020-E-RPLN-9 que se transcribe a continuación:

“A Ensenada de San Simón coa súa extraordinaria biodiversidade e fecundidade natural facilitou os asentamentos humanos o seu carón e o desenvolvemento económico, social e cultural que aínda hoxe resulta imprescindible para tódolos habitantes da súa contorna.

Dende que o 7 de Decembro de 2004 a Comisión Europea incluíu a Ensenada na lista de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) formando parte da Rede Natura 2000, este espacio natural está suxeito a normativa da Directiva 92/43/CEE ou Directiva Hábitats que implica obrigacións para o Estado Español e para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os Concellos non detentan competencias sobre a Rede Natura, pero teñen obrigacións regulamentarias sobre súa conservación salientando a función de prevención para evitar o deterioro dos hábitats naturais do lugar.

A Ensenada xa está experimentando os efectos do Cambio Climático que precisan de medidas para mitigalo e decisións para unha adaptación profunda.

Os proxectos en tramitación pola Autoridade Portuaria de Vigo (APV) para converter a Ensenada nunha dársena instalando a terceira terminal portuaria en Rande e un polígono industrial para grandes frigoríficos son unha ameaza inmediata que, segundo a comunidade científica, súa realización pode conducir ao colapso ecolóxico de toda a Ría de Vigo.

A potestade da APV sobre a lámina de auga da Ensenada de San Simón baséase na preconstitucional ORDEN de 23 de Decembro de 1966 do Ministerio de Obras Públicas para establecer tarifas de servizos portuarios.

Aplicando a normativa europea, o estado español ten establecido, regulado e protexido a actividade do marisqueo e cultivo de mexillón na Ensenada conforme a “Orden APA/524/2019 de 26 de Abril, na que se delimitan catro zonas de produción de moluscos e outros catro polígonos de bateas.

Esas actividades e a pesca artesanal cumpren con tódolos requisitos de compatibilidade coa conservación da Ensenada. O presente e futuro dos numerosos postos de traballo directos e indirectos existentes dependen en grande medida de que se restableza o marco legal conforme ao mandato do ordenamento xurídico actual.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Toda a lexislación que consolida a Rede Natura e a produción tradicional sostible na Ensenada de San Simón ten dominio prevalente sobre calquera outra norma incluída a utilización da lámina de auga, fondos e litoral para unha nova terminal portuaria.

A incerteza xerada pola crise sanitaria combinada coa crise económica que estamos a vivir fai que sexa inaprazable a implantación definitiva do réxime da Rede Natura na Ensenada de San Simón para garantir sua biodiversidade, a fecunda produción pesqueira e marisqueira, o desempeño como amortecedor do cambio climático e a función de espazo de lecer cultura e deporte.

A desafectación da lámina de auga da Ensenada e do litoral incluídos no Dominio Público Portuario da APV para que se transfiran ao Dominio Público Marítimo Terrestre convertese, de este xeito, na primeira medida administrativa esencial de aplicación ineludible nestes momentos.

Saúde i economía son dous parámetros da vida que agora mesmo están en situación de emerxencia social. Para resolvela, afrontando o chamado proceso de reconstrución, é posible a unión de todala cidadanía por riba dos antagonismos cotidians existentes na sociedade.

Nestes intres xa están desenvolvéndose iniciativas a nivel estatal que agrupan a persoalidades políticas de tódolos partidos institucionais, intelectuais de múltiples tendencias, organizacións empresariais, sindicatos, concellos i organizacións ecoloxistas que se pronuncian pola necesidade de unha recuperación económica sostible.

Considerando o exposto e dando por necesaria e urxente a reconstrución sostible da economía dependente da Ensenada de San Simón e sua proxección a un futuro de prosperidade con novos postos de traballo, solicitamos ao pleno da corporación municipal os seguintes

ACORDOS

1.- Instar a:

Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico

Dirección General de Biodiversidad, Bosques y Desertificación

Dirección General de la Costa y el Mar

A restauración plena do ordenamento xurídico na ZEC Ensenada de San Simón.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Mediante a activación da Rede Natura para o que é preceptivo excluír da Zona II das augas do Porto de Vigo, toda a lámina de auga pertencente ZEC Ensenada de San Simón.

Dado que existe continuidade ecolóxica da lámina de auga co litoral, transferir a superficie actualmente baixo o dominio público portuario da APV ao Dominio Público Marítimo Terrestre de xurisdición da Dirección General da la Costa y el Mar.

Realizar ámbolos dous procesos a través do procedemento da desafectación.

2.- Instar a:

Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda

A definir e aplicar o Plan de Xestión da ZEC Ensenada de San Simón.

4.- Instar a:

Consejo Rector de Puertos del Estado

Autoridad Portuaria de Vigo, Consejo de Administración

Xunta de Galicia. Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia

Proceder a declaración de innecesariedade das augas da zona II e as superficies do litoral na ZEC Ensenada de San Simón adscritas ao Puerto de Vigo. Proceder a súa desafectación.

5.- **Informar a Comisión Europea** sobre o proceso de activación da ZEC Ensenada de San Simón.

Comisario europeo de Medio Ambiente, Océanos y Pesca. Virginijus Sinkevičius.”

INTERVENCIÓNS:

A Sra. García, explica que a enseada de San Simón é un enclave natural protexido, cunhas características únicas. Que o medio mariño que temos no noso Concello permite desenvolver actividades económicas sostibles e ecolóxicas como son a pesca ou mariscar, que son respectuosas co medio ambiente. As empresas existentes nos bordes litorais e a especulación cos terreos, o que fai que a calidade das augas non sexan as mellores e afecta así

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





a actividade económica. Nos últimos anos hai que sumar o maior problema que temos na ría de Vigo que é o señor Lopez Veiga como presidente da Autoridade Portuaria. Nomeado directamente polo sr. Feijoo. As fábricas e as industrias onde teñen que estar é nos polígonos como por exemplo na Plisan. Galicia debe ter as rías limpias. Nos últimos anos tamén houbo Fondos Europeos, que non se aplicaron para defender as nosas rías, dende o BNG se solicitou en diversas ocasións, o saneamento das rías, mais eso nunca se levou a cab. A pesca é a segunda actividade económica galega e representa o 10% da actividade da Unión Europeo. O problema é puramente político. Ter o depredador López Veiga. Afecta aproximadamente a 200 familias directamente en Redondela. Se non tivéssemos a López Veiga, as cotas de pesca de que nos imponen, teríamos moitas familias máis. Non podemos estar dependendo de produtos de fóra. Temos aquí unha capacidade produtiva que temos que aproveitar. Este problema non se vai resolver con Feijóo nin con López Veiga.

O sr. Cabaleiro, di que a fundamentación da moción está moi ben expresada no anexo que a acompaña. Debe servir para algo, para que todas as administracións se impliquen; evitando accións prexudiciais, os concellos limítrofes temos moito que dicir para preservar ese medio. Estas responsabilidades sitúanse no eido da prevención. Refírese ás industrias sitas na ría que están a danar moito o ecosistema que para nós en Redondela é moi importante, porque moitas persoas que viven do mar. A confraría é unha das principais empresas de Redondela, e preservan o medio ambiente. O ministerio de transición ecolóxica qué fixo en Rande con aqueles viarios e montar un parking de contenedores, que ademais da explanada de Duchess, incluíría o cargadeiro de pedra, para meter industria, a típica política do PP, nas que solo se mira a parte económica. Se fixeron aterrados que moveron as mareas, na praia de Cesantes, en fronte no outro lado da ría se aprecian tamén eses mesmos efectos. Esta moción ten moito peso e un nome propio, que é a Autoridade Portuaria de Vigo e o seu presidente. Sen escrúpulos, non lle importa nada o medio ambiental, non hai un proxecto de recuperación da ría.

A Sra. Amoedo, da as gracias á confraría de pescadores e á plataforma da enseada de San Simón, exemplo do seu traballo, que debe ser conxunto. Manifesta o seu apoio, pensan que é posible o que solicitan e están ao carón que están abandeirando estas demandas máis que xustas. Este é o camiño que hai que seguir se queremos manter ese entorno e que Redondela sexa un espazo onde se sigan criando o choco, o berberecho, a ameixa, o longueirón.... A enseada de San Simón xa é ZEC e hai que cumprir a Rede Natura 2000. Non é solo unha cousa do presidente da autoridade portuaria e recorda que xa presidiu Abel Caballero. Quen ten que presionar é Costas do Estado. O PSOE en Madrid ten moito que dicir. E estarán vixiantes que nese entorno non se produza ningún delito ecolóxico. O Concello debe ir da man destes colectivos,

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





porque teñen xa unha bagaxe, independentemente de quen governe na Autoridade Portuaria, na Xunta, no Estado.

O Sr. Villar, di que se traen ao Pleno as demandas da cidadanía de forma conxunta e manifesta a súa discrepancia porque a cidadanía trae esta iniciativa para que a apoiemos e nos piden que instemos a organismos superiores para protexer a nosa ría, o noso entorno, a nosa economía, a nosa pesca, e que siga un modo sustentable de vida. Expresa a desilusión persoal sobre a Rede Natura 2000, porque é para protexer o medio ambiente, dende decembro 2004 se incluíu como lugar de interese comunitario, a enseada de San Simón. Se pasou polo forro a rede natura. A cidadanía o que solicita é a desafección da lámina de auga do litoral, incluído o dominio público da Autoridade Portuaria, que se protexa e se valore dunha vez por todas a Rede Natura 2000, que significa que temos unha riqueza natural. Quedando acreditado nesta pandemia o importante da supervivencia a nivel local, e sexamos capaces de alimentarnos sen recursos externos, sen destruír ambientalmente.

A Sra. García, di que podemos falar de veciños que defendan, pero somos todos organizacións políticas que estamos a defender os seus intereses. O movemento veciñal ten que ir acompañado sempre de vontades e de decisións políticas e non imos a branquear gobernos como o do PP.

Estamos nun momento no que debemos apostar polo medio ambiente, polos produtos locais, e por aproveitar os nosos recursos, apostar pola pesca sostible, polo racú, polo xeito, e tamén dar apoio aqueles sectores que están moi feminizados como son o sector das mariscadoras. Nós, tanto aquí como na Eurocámara, como no Parlamento do Estado ou no Parlamento galego defendemos que a Enseada de San Simón debe de estar libre de industrias e hai que defendela dende o punto de vista ecolóxico.

Non imos deixar de dicir quen executan as cousas, de onde saen as cousas, son organizacións políticas que defenden o formigón, a industria, como avance económico; pero iso non é certo o avance económico é axudar a producir o país e apoiar o ecoloxismo.

O Sr. Cabaleiro, di que hai que apostar por recursos sostibles, o arte do xeito, non prexudica ao medio ambiente, non vai eliminar ningunha especie. En Bruxelas non sabían que era o xeito, témolo que poñer en valor. Como organizacións políticas, temos que levar os asuntos a onde correspondan. ¿Onde se gastaron os recursos que viñeron de Europa?, ¿onde inverteu Augas de Galicia para que non se vertera porquería a nosa ría? Temos que tratar de preservar pero depende de outras institucións que fagan inversións. Si non se respectan as declaracións de impacto ambiental non valen para nada. Apela á responsabilidade e agradece á confraría e á plataforma e ás asociacións que

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





traballan con eles. E un éxito apoiar esta moción conxunta. Hai que pensar no futuro e darlle ao noso medio a inversión que se merece.

A Sra. Amoedo, di que non vai facer máis debate. Si é unha cuestión política traeríamos a moción os grupos e a traen os veciños e contan co noso apoio para que a ría quede libre de calquera cuestión que poida afectar a esa lámina de auga e a ese hábitat protexido pola Rede Natura 2000.

O Sr. Villar, explica o que supón a Rede Natura 2000. Hai un Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico; unha Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación; Dirección Xeral da Costa e o Mar; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consello Reitor de Portos do Estado; Autoridade Portuaria de Vigo, Consello de Administración; Xunta de Galicia, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Comisario europeo de Medio Ambiente, Océanos e Pesca; Todos estes organismos tiñan que estar protexendo esta Rede Natura 2000, non tiñan que ser estes veciños, tiña que haber un plan nacional para protexer esta zona. Deixan un punto claro, que os concellos aínda que non temos competencias na rede natura temos obrigas na súa conservación. Neste concello non se estiveron a facer ben as cousas, hai praias nas que se meteron tractores todos os días para sacar algas e area. Tamén no saneamento, porque a rede municipal está como un colador é ten un sistema de aliviadoiros porque o saneamento non o soporta.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG)

Pregunta a Alcaldesa, si se acorda tratar a moción ou os rogos.

A Sra. Amoedo, di que a xente de Vilar quere falar e di que se eliminen os rogos.

Di a Alcaldesa, que os representantes da plataforma e da cofradía tiveron que falar antes do pleno según o regulamento.

A Sra. Amoedo, di que renuncian aos rogos para que podan falar os veciños ao finalizar a sesión.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A Alcaldesa, di que falaron os representantes da confraría porque se acordou na Xunta de voceiros do martes. E que non se pode vir as once da noite e presentar estas situacións.

Se fai un receso, ás 23:12 horas. Se reanuda a sesión ás 23:22 horas.

A Alcaldesa, di que o equipo de goberno non ten ningún problema en falar cos veciños ao finalizar o Pleno, pero o que aquí sucedeu hoxe non pasou nunca. O que se propuxo por parte da voceira do Partido Popular, supón unha demagoxia absoluta, xa que sabe que iso non se pode facer.

9.2.2 Moción do BNG Rexeitando o Centro Comercial do Celta de Vigo en Mos, en Defensa do Pequeno Comercio.

ANTECEDENTES:

Moción do BNG Rexeitando o Centro Comercial do Celta de Vigo en Mos, en Defensa do Pequeno Comercio, con entrada no Concello o día 03.06.2020 con número 2020-E-RE-1.488 que se transcribe a continuación:

“No veciño concello de Mos a modificación do Plan Xeral, abre a vía de construción dun Macrocomplexo Comercial e Deportivo promovido polo Real Club Celta de Vigo, que coa escusa da necesidade de novas instalacións deportivas, agocha un grande complexo comercial e “de lecer”. Esta proposta está supoñendo un enfrontamento entre a veciñanza que afecta severamente aos montes comunais das parroquias de Tameiga e Pereiras e que poría en perigo a súa viabilidade socioeconómica.

Preténdese expropiar 183.715 m² pertencentes ao monte en man común de Tameiga (18,7% do ámbito) e 145.251 m² propiedade da CMVMC de Pereiras (14,8% do ámbito), terreos que perderían a súa función eminentemente social e ambiental pasando a formar parte do negocio especulativo privado.

A implantación deste tipo de macroáreas comerciais teñen un grande impacto medioambiental pois consumen unha enorme cantidade de recursos tanto enerxéticos como hídricos, xerando unha cantidade inxente de residuos e contaminación por non falar, no caso de Mos, do dano causado ao monte comunal e acuíferos afectados. Neste ámbito existen numerosas captacións e redes veciñais feitas polas Traídas de Augas que se verían seriamente prexudicadas, comprometendo o abastecemento deste ben básico á poboación da zona.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O Partido Popular, abandeirado pola súa alcaldesa, Nidia Arévalo, apoia abertamente este pelletazo urbanístico, propiciando o enfrontamento veciñal. Baixo un disfraz de empregabilidade por unha entidade, un consello de administración e un Proxecto, que non vai traer máis que precariedade medioambiental, social e laboral.

A Macroárea Comercial promovida polo Celta de Vigo conta con beneplácito do Partido Popular, quen rexeitou vehementemente unha proposición non de Lei no Parlamento Galego, para deter a revisión do PXOM. A construción deste centro comercial, cunha superficie edificada de 209.250 m², supón unha afección supramunicipal cun impacto máis aló dos propios límites do concello de Mos e entraría en colisión co comercio tradicional e as superficies comerciais existentes, orixinando unha maior decadencia das mesmas e ocasionando o peche masivo de comercios. Este tipo de grandes áreas comerciais ademais de arrasar co comercio local, contribúen á perda de postos de traballo e á precarización do emprego no sector comercial. Toda vez que está constatada a saturación da oferta comercial na zona sur da provincia de Pontevedra e o crecente abandono de instalacións existentes.

Para o BNG este proxecto constitúe un claro exemplo de pelletazo urbanístico, con nefastas consecuencias para o pequeno comercio e de proximidade, empregando como subterfuxio unha suposta “necesidade deportiva” para instalar unha grande área comercial. Está prevista a construción de 142 locais comerciais, 12 a restauración e varios “de lecer”. No canto de utilizar a planificación urbanística para favorecer a especulación e a desfeita do territorio, débese promover unha ordenación racional e a protección dos usos sociais do monte.

A actual crise económica, froito da epidemia motivada polo COVID-19, non fixo máis que amosar os seus primeiros síntomas de precarización. Sen aínda terse recuperado completamente da crise do ano 2008, o sector comercial vai padecer o impacto da perda de nivel adquisitivo do conxunto da poboación.

Así pois, a instalación deste macrocentro comercial suporía un golpe moi duro para o sector do pequeno comercio e de proximidade, coa perda estimada duns 3.500 empregos, un problema que afectará a toda a área metropolitana de Vigo pero, especialmente, ao pequeno comercio dos concellos limítrofes, como no caso do concello de Redondela.

Ante esta situación no BNG consideramos que a Xunta de Galiza debería desenvolver un plan sectorial de equipamentos comerciais na Galiza, co obxecto de ordenar a oferta comercial e defender o comercio local e de proximidade.

Concello de Redondela





Por todo o anteriormente exposto, solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1. O Concello de Redondela, manifesta a súa total oposición á construción do Macrocomplexo Deportivo e Comercial do Celta de Vigo, no Concello de Mos.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a aprobar unha moratoria de dez anos na concesión de licenzas para grandes áreas comerciais en todo o territorio galego.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a desenvolver un plan sectorial de equipamentos comerciais en Galiza, a xeito de ordenar a oferta comercial e a defensa do comercio de proximidade.”**

INTERVENCÍONS:

O Sr. González, di que xa sucedeu que o BNG ten que abreviar a exposición de motivos e as mocións para chegar a un consenso, con esta actitude do Partido Popular rebenta os acordos e acordos futuros que poidamos ter.

Esta moción é relativa a defensa do comercio local de Redondela, o que pretendemos é un posicionamento en contra do Pleno do proxecto do macro centro comercial do Celta de Vigo que se vai a construír no Concello de Mos. Un “pelotazo” urbanístico en toda regra, defendido a capa e espada polo Partido Popular, pola súa alcaldesa e un deputado do Parlamento Galego que é de Redondela, que votou de forma vehemente en contra dunha proposición de lei para que non se lle dese autorización a Celta de Vigo. Vai en contra claramente do comercio local, en contra de postos de traballo en concellos como Redondela e O Porriño van a ser os concellos mais afectados, vanse construír 142 locais comerciais e 12 de restauración, unha presión social en Mos por este macro proxecto. Pretende Mouriño buscar patrimonio para despois vender o Celta de Vigo, 1 millón de euros de IBI para Mos.

O Sr. Boullosa, di que o sr. Mouriño é o posuidor do 60% das accións do Celta de Vigo, é una sociedade, o proxecto vai a afectar ao pequeno comercio dos municipios. Marineda City na Coruña, as Candelas en Santiago e agora queremos o mesmo para aquí. non podemos estar pedindo axudas para o comercio e despois apoiamos un macro proxecto de formigón nos arredores de Redondela.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O Sr. Cabaleiro, expón que esta operación apunta a un “pelotazo” urbanístico rexeitado por unha amplía maioría dos mosenses. Ante isto a área metropolitana non pode mirar para o outro lado, a Xunta ten que ordenar o comercio local de proximidade. Provocará un efecto aspirador que absorbe todo para esa área comercial. Todos sabemos o que é ir ao comercio local e todo o que eso xera. Estas grandes moles comería ao comercio local e teñen que competir con estas grandes áreas. O PSOE defende o comercio local estable e a riqueza se ve na cidadanía. Dinamizar o comercio local aplicando técnicas modernas de venta, e necesita o apoio dos gobernos locais. Isto xa o dicía nunha moción respecto ao outro macro proxecto que se quería facer en Vigo. Miremos os antecedentes noutros lugares.

A Sra. Amoedo, di que o BNG non fai oposición en Redondela, fai oposición en Mos, e en vez de deixar que falen os veciños de Vilar quere debater esta moción, que si se fixera en Vigo non traerían esta moción. Están facendo demagogia política. En vez de deixar falar aos veciños de Infesta.

A Alcaldesa, di á sra. Amoedo que non faga demagogia.

A Sra. Amoedo, di que é solo vai facer uso dun turno para que poidan falar os veciños. Non os vin cando en vez de interesarnos cos problemas de Redondela, como tratou este goberno ao comercio de Redondela na pandemia, cunhas bases que deixaron fora a máis do 60% do comercio. Toca demagogia contra o goberno de Mos do PP. Di que v

Votarán en contra e retiran as súas mocións e rogos para que poidan falar os veciños.

A Alcaldesa, puntualiza que non ten ningún problema en quedar a falar cos veciños despois do pleno e que non use a demagogia.

O Sr. González, lee a parte da solicitude da moción. A voceira do PP di que isto non lle vai a afectar ao comercio local de Redondela. Nos transmitiron a asociación de comerciantes a súa preocupación por este proxecto. Os cartos estaban para toda a estrada de Vilar, e por que non se fixo.

A Sra. Amoedo, di que está a falar do tema de Vilar. Protesta a Sra. Barciela.

A Sra. Alcaldesa, lle di a sra. Barciela que non ten a palabra. Pide ao sr. González que se centre na moción.

O Sr. González, di que o PP malgastou os cartos da estrada.

O Sr. Cabaleiro, di que vendo o que di o PP se fora comerciante de Redondela estaría preocupado.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor, (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 votos en contra do PP.

9.3 Rogos e Preguntas

O PP retira os rogos.

A Alcaldesa le o manifesto LGTBI. Agradece á asociación e ao CIM

Lee o manifesto.

“Por segundo ano consecutivo Redondela tinguéuse de cores para reivindicar os dereitos das persoas LGTBIQ+.

Está empapelada de historia, tanto na parroquia de Chapela na que se atopan fotografías de personaxes famosos con orientación LGTBIQ+, como en Redondela, onde se atopan fotogramas da historia dos dereitos do colectivo LGTIBQ+ dende 1900 ata 2020.

Considerouse necesario realizar devanditas exposicións para poder explicar e visibilizar a necesidade que ten o colectivo de darse a coñecer. Como se pode comprobar, a historia do colectivo das persoas LGTBIQ+ dende os inicios encóntrase tinguida de negro. Sempre foron un colectivo socialmente mal visto e xulgado pola sociedade porque faltou educación. Educación social, que nos ensinara que as diferenzas sexuais non xeran desigualdade.

Este ano Redondela quere darlle un recoñecemento importante a todas aquelas persoas maiores LGTBIQ+ que loitaron alá polo 1969 en New York para que os seus dereitos fosen recoñecidos e a esas valentes persoas do noso país, que por primeira vez no ano 1977 saíron á rúa na cidade de Barcelona, loitando publicamente por unha visibilización dos dereitos LGTBIQ+. Tamén realizar un recoñecemento á vellez e á homosexualidade, porque existe.

En definitiva, aproveitar este momento para pedir colaboración cidadá, cambios sociais, compromisos políticos. Dende unha mínima modificación como unha

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





palabra correcta nun momento correcto ata un xesto de aceptación leva un cambio enorme.

Xeremos unha Redondela igualitaria. Demostremos que Redondela pode ser un concello cunha mentalidade aberta e comprometida cos dereitos LGTBIQ+. Comprometámonos nesta loita.

Na liña de traballo por este obxectivo, dende o Concello de Redondela condenarase calquera forma de violencia que teña na súa orixe a orientación sexual e a identidade de xénero e facilitaranse todos aqueles mecanismos que sexan necesarios para sensibilizar e educar co fin de erradicar da nosa sociedade calquera tipo de manifestación contra as persoas LGTBIQ+ en tódolos ámbitos: familiar, económico, laboral, social, político, etc.

Por último, lembrar a todas aquelas persoas vítimas do COVID-19 pertencentes ao colectivo LGTBIQ+.”

Recorda a sra Alcaldesa que o sábado ás 8:30 se realizará a lectura do manifesto pola asociación e despois haberá un monólogo.

E sendo as vinte e tres horas e corenta e dous minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

